

I.E.S. “AS TELLEIRAS” - NARÓN



**DEPARTAMENTO DE CIENCIAS
SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA**

**ALUMNOS/AS COA XEOGRAFÍA E
HISTORIA DE 1º ESO PENDENTE**

BOLETÍN DE ACTIVIDADES 1º PARCIAL

ALUMNO/A:

GRUPO E Nº:

Data tope de entrega:


Consello: Pensa ben antes de contestar, non teñas prisa, coida a letra e a presentación e non esquezas que para poder dar resposta dun xeito correcto ás cuestións debes facer uso do teu caderno de Sociais do curso pasado e do libro de Xeografía e Historia de 1º ESO.

A resposta ás preguntas tes que presentala nun caderno, carpeta clasificadora, folios... nos que terás que copiar de novo o enunciado das actividades antes de contestar ás cuestións, debes facelo de forma ordenada e preocupándote de que se entenda perfectamente a que pregunta e apartado estás a responder.

► O PLANETA TERRA

1) Define os seguintes conceptos, copia os gráficos e identifica sobre eles ditos conceptos:

- a) Ecuador b) Hemisferio c) Paralelo d) Meridiano



2) Define os seguintes conceptos: a) Mapa b) Escala

3) Señala a diferenza entre un *mapa temático* e un *mapa topográfico*:

4) Fai un **cadro** seguindo o modelo e **sitúa** as seguintes características e exemplos no recadro da escala que lle corresponda:

Representa un espazo grande, aparece escrita nos mapas de forma numérica ou gráfica, o detalle da información que ofrece é pequeno, 1: 3.500.000, mapa de Europa, mapa dunha pequena vila, representa un espazo pequeno, mapa de España, o detalle de información que ofrece é grande, plano da túa habitación, 1:55.000

ESCALA GRANDE	ESCALA PEQUENA

5) **Recorta** o mapa número 1 que figura ao final deste boletín e **pégalo** no teu caderno, carpeta clasificadora, folios... Observa atentamente o mapa e despois **contesta as cuestións**:

a) Cal é o título do mapa? É un mapa temático ou topográfico? Por que?:

b) Que espazo representa o mapa?:

c) Cal é a escala do mapa? É unha escala grande ou pequena? Por que?:

d) Que información presenta a lenda?:

e) Que tipo de signos convencionais usa o mapa para representar a información?:

► **OS ELEMENTOS DO PLANETA TERRA**


6) Define os seguintes conceptos: a) Relevo b) Continente c) Océano

7) Copia e completa o cadro, ademais dalle un título.

EUROPA	Limita ao co Mar Mediterráneo	Limita ao Oeste co	Limita ao Norte co Océano
ASIA	Limita ao co Océano Glacial	Limita ao Sur co	Limita ao co Océano Pacífico
ÁFRICA	Limita ao Oeste co	Limita ao co Mar Mediterráneo	Limita ao Leste co
AMÉRICA	Limita ao Norte co	Limita ao co Océano Atlántico	Limita ao Oeste co

8) Recorta o mapa número 2 que figura ao final deste boletín e péga no teu caderno, carpeta clasificadora, folios... Sinala sobre o mapa os nomes dos continentes e os océanos, traza as liñas dos paralelos máis importantes e o meridiano 0° e dalles nome.

9) Identifica as formas de relevo que figuran no gráfico numeradas do 1 ao 9 e defíneas.



10) Busca imaxes que se correspondan coas formas de relevo definidas no exercicio anterior e pégaas no teu caderno, carpeta clasificadora, folios... Non esquezas identificar a forma de relevo que representan.

► CLIMA E PAISAXES DA TERRA

11) Define os seguintes conceptos: a) Tempo atmosférico b) Clima

12) Fai uso do mapa número 2 do exercicio 8 para colorear as distintas zonas climáticas da Terra.

13) Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas, explicando en todo caso a razón.

a) Nos climas da zona cálida se suceden catro estacións.

b) Os climas fríos da Terra pódense atopar sobre os Círculos Polares.

c) As baixas temperaturas do clima polar son debidas a que os raios solares inciden de forma directa nesa zona.

d) O clima de Narón é tropical, xa que as temperaturas son altas todo o ano e as precipitacións se concentran no verán.

14) Copia un cadro seguindo o modelo e sitúa as seguintes afirmacións no sitio correspondente para recoller así as principais características das distintas zonas climáticas.


A temperatura media anual está entre os 0° e 20°C - clima polar - sitúase aproximadamente entre os Trópicos de Cáncer e Capricornio - clima mediterráneo - as temperaturas son elevadas todo o ano - as temperaturas son todo o ano baixas e as precipitacións son abundantes - clima tropical - esténdese entre os 30° e 60° de latitude Norte e Sur – localízase entre os 60° e 90° de latitude Norte e Sur - pode farse da existencia de catro estacións - clima desértico - as temperatura son todo o ano moi baixas e as precipitacións son escasas - esténdese nos dous hemisferios entre os Trópicos e os Círculos Polares - clima de alta montaña - clima continental - sitúase aproximadamente entre os Círculos Polares e os Polos nos dous hemisferios - a temperatura media anual é superior aos 20°C - clima ecuatorial - non se pode falar realmente de inverno - clima oceánico - localízase entre os 0° e 30° de latitude Norte e Sur - sitúase nas grandes cordilleiras, a máis de 2500 metros de altitude

ZONA CLIMÁTICA	LOCALIZACIÓN	CARACTERÍSTICAS	VARIETADE DE CLIMAS
CÁLIDA			
TEMPERADA			
FRÍA			

15) Define o concepto de Paisaxe. Diferenza entre paisaxe natural e paisaxe humanizada.

16) Busca imaxes de distintas paisaxes que se correspondan coas variedades de clima que debes sinalar no exercicio 14 e pégaas no teu caderno, carpeta clasificadora, folios... Non esquezas identificar a paisaxe que representan e sinalar as súas características.

Mapa nº 1



Mapa nº 2

